



# CONTIÑO

vai ao conto

EDICIÓN ESPECIAL  
2019-2020



Benvidos a unha nova e excepcional edición da nosa revista escolar, reflexo de todas as actividades que levamos a cabo e das circunstancias que fixeron deste 2019-2020 un curso diferente. Aínda así, tod@s aprendimos cousas novas sen estar xuntos, reinventámonos a partires do 13 de marzo e cambiamos o contacto físico pola realidade dixital. Esta, permitiunos sentirnos preto e estar conectad@s para seguir sendo a escola que somos. Este Contiño recolle actividades de antes e despois desa data: reescribe os vosos traballos, as vosas saídas, as festas conmemorativas, as vosas sesións virtuais, pero sobre, o día a día de estudantes que aprenderon a convivir, a respectarse e crecer como persoas.

Agora temos un gran reto que superar: aprender a vivir a nova realidade co virus do Covid, con "Sentidiño" e moita precaución; debemos protexernos a nós e as nosas familias. Pronto chegará un tempo no que contaremos esta difícil historia e o que aprendimos dela.

Gozade das vosas e necesarias vacacións. Ata mais vernos!!!.

Amelia Otero- Dirección CEE Pontevedra



# CONTIÑO

## vai ao conto

Nº 33.6 de novembro de 2019

## O que pasou...

### “ BENVIDA ÁS FAMILIAS AO CURSO 2019-20”.

A nosa directora no acto de inauguración, compartindo coas familias o proxecto, os obxectivos e as ilusións dun novo curso escolar.



### MANO ROBÓTICA.

Se nos ocorreu a idea de deseñar algo para a festividade de Samaín. Os alumnos pensaron en construír unha man robótica para asustar as os seus compañeiros/as no corredoiro do colexio e puxémonos mans á obra, nunca mellor dito.



## SAMAÍN.

Polo Samaín vivimos unha experiencia escalofriante!!! Pasamos moito medo no túnel do terror, convertémonos en momias e asustamos ós demais compañeiros/as, profes e coidadoras. Os maiores contáronnos contos de medo, e para rematar tivemos unha merenda terrorífica feita polos compañeiros de cociña e os compañeiros de tránsito, que prepararon: sándwiches tumba, pantasma de chocolate, chourizos, empanda con forma humana e moitas cousas máis...



## POLICIA NACIONAL.

O 25 de outubro asistimos a unha exhibición da Policía Nacional e pasámolo en grande. Tiñan cans adestrados, robots, helicóptero, furgóns... foi moi divertido!!!



## VIAXE EN BARCO E VISITA A MOAÑA.

O alumnado de TVA fomos o pasado 21 de outubro de travesía en barco. Cruzamos a Ría de Vigo e atracamos no municipio de Moaña. Foi un paseo moi tranquilo xa que nos acompañou o bo tempo, e ata entramos na ponte de mando. O chegar a Moaña demos un paseo e xogamos no parque. Por último, e para recuperar folgos, tomamos un refresco nunha terraza da vila. O pasamos xenial e quedáronnos ganas de repetir para convertirmos en auténticos lobos de mar.



# CONTIÑO vai ao conto

Nº 34. 25 de novembro de 2019

## O que pasou...

### ERASMUS+.

As nosas mestras visitaron esta semana as cidades de Barcelos e Braga, en Portugal; como preparativo das mobilidades do proxecto de **ERASMUS+**.



### DELEGADO

Esta semana elegimos ó delegado de Tva, foron varios os candidatos que se presentaron pero ao final saíu elexida María Magán como delegada e Daniel Truiteiro como subdelegado. Parabens




## MAGOSTO.

Un ano máis celebramos o Magosto no CEE Pontevedra cunha merendola; onde degustamos un pouco de tetilla con pan, unhas rosquillas feitas polo programa formativo de Restauración e unhas magnificas castañas asadas.



## COOPERATIVA 3E

Este curso os alumnos dos programas formativos teñen unha cooperativa nova. Como cada ano realízase unha votación para a elección do Tesoreiro, Secretario e Presidente da coopectiva. Despois de esta elección viron outras tamén importantes como a elección do nome da cooperativa, este ano é "3E", a cantidade de capital que se aportará, os traballos que se realizaran para a venda...



Despois de tódolos pasos anteriores a cooperativa tivo un acto na Deputación de Pontevedra, onde fixeron unha pequena presentación para darse a coñecer e finalmente recibiron o CIF para poder realizar a venda no mercado a mediados de ano.



## EDUCACIÓN FÍSICA

Dende o departamento de E.F. estivemos traballando a sensibilidade sensorial a través de distintas partes do corpo realizando un circuito moi divertido!



## ARTE E NATUREZA.

O 6 de Novembro tivemos a visita de Antón Sobral, co que deixamos voar a nosa imaxinación na creación de cadros, a través do obradoiro “As cores do outono”.



Na entrada do centro temos a Exposición de arte, froito da colaboración con Antón Sobral.



## ETIQUETA NEGRA.

O pasado luns 11 de Novembro o alumnado dos PF de Restauración e Reprografía realizaron unha visita ó salón Etiqueta Negra. Alí gozamos dun Showcooking por parte do alumnado do IES Carlos Oroza e unha grans exposición de produtos relacionados co sector da hostelería.



# CONTIÑO vai ao conto

Nº 35. 16 de decembro de 2019

## O que pasou...

### DISCAPACIDADE.

O 3 de decembro no día Internacional da Discapacidade, concentrámonos con outros centros e asociacións na praza da Ferrería (Pontevedra).



### NON É NON.

Con motivo do Día da Non Violencia de Xénero o alumnado e membros do CEE Pontevedra, xuntámonos para cantar a canción de Rozalén “La puerta violeta” coa que reivindicamos este día.



## MÚSICOS!

Nas clases de música estivemos experimentando con distintos tipos de agrupacións musicais e foi todo un éxito!!! Observade que ben o pasamos!!!



## AUTONOMÍA.

O alumnado da ESE fixo unha saída de Autonomía o 4 de decembro. Realizaron unha pequena compra no Hiperfroiz, disfrutaron dun rato no parque de Barcelos e tamén tiveron tempo de tomar un refresco nunha cafetería. Foi unha mañán moi divertida.



## CUMPLEAÑOS.

Esta semana celebramos el aniversario del alumnado de TVA y ESO que cumplen años en el primer trimestre.



## BUSCANDO O TESOURO

No departamento de E.F. tivemos a colaboración co alumnado do IES de Poio cos que fixemos unha búsqueda do tesouro moi divertida e cos que pasamos unha estu-pen da xornada!



## REVITALIZA.

A semana pasada tivemos a visita dos compañeiros de Revitaliza cos que aprendemos moitísimo sobre compostaxe a través do “xogo da miñoca”.



# CONTIÑO vai ao conto

Nº 36. 21 de xaneiro de 2020

## O que pasou...

### REVITALIZA.

O Xoves 16 de Xaneiro o alumnado da ESO e de TVA participou nunha charla sobre a compostaxe dentro das actividades do Plan Revitaliza.



### PROXECTO “PATITAS”.

O alumnado da ESO está a estudar os animais vertebrados. Esta semana tocáronos os mamíferos. Polo que fixemos un pequeno cartel onde falamos da súa alimentación a súa forma de reprodución...



O alumnado e profesorado do CEE Pontevedra queren invitarlles ó  
**FESTIVAL DE NADAL**



Teremos actuacións musicais, teatrales e moitas sorpresas...  
**VENRES 20 DE DECEMBRO ÁS 12:00H**



# FESTIVAL DE NADAL 2019

Un ano máis celebramos o Festival de Nadal no CEE Pontevedra. Aquí tedes unha pequena mostra das actuacións que fixemos.



Villancico "Chegou o Nadal"



"Os presentadores Bea e Victor"



Os actores de "Guapa"



Actuación musical "Que calor"



Sketch de Tricicle "Metro"



Obra de teatro "Una Navidad Distinta"



Actuación musical "La noche brillará"



Actuación musical "El flow de la cucaracha"

## ERASMUS +

As mestras Iría e Lupe participaron a pasada semana no ERASMUS + a través dun Job Shadowing (Key Action1), en Braga (Portugal). Alí compartiron experiencias e actividades, convivindo con mestres e alumnado do CERCÍ BRAGA. Foi unha fantástica experiencia!!



## PLAN DIRECTOR

Este martes o alumnado do CEE Pontevedra recibiu a visita da Policía Nacional para darlles unha charla sobre **“VIOLENCIA DE XÉNERO NAS NOVAS TECNOLOXÍAS E ACOSO ESCOLAR”**.



# CONTIÑO vai ao conto

Nº 37. 17 de febreiro de 2020

## O que pasou...

### DÍA DA PAZ.

O 30 de Xaneiro celebramos o Día da Paz e a non Violencia, leendo un manifesto. Tamén fixemos a exposición do noso virus e a súas vacunas, entregamos diplomas e cantamos e bailamos a Canción “Yo decido vivir en paz”. Pasámolo en grande.



### ROBÓTICA

No taller de robótica fixemos un estadio Beyblade para logo facer unha competición cos nosos Beyblades caseiros.



## VISITA A CLESA.

O venres 7 de febreiro, o alumnado de TVA desprazouse ata Caldas para visitar as instalacións da fábrica Clesa. Unha vez alí explicáronnos como facían os seus postres e iogures, e ata nos convidaron a degustar un de chocolate. Tamén aprendemos a debuxar unha vaca.



O rematar de un tempo a tomar un refresco nunha cafetería de Caldas e ata nos achegamos a súa fonte con augas termais. Foi unha mañá estupenda.



## TRAMONTANA.

O pasado 24 de Xaneiro visitamos o Submarino Tramontana en Marín e puidemos introducirnos no seu interior. Tamén nos explicaron como viven alí e que misións realizan. Foi unha experiencia única.




## TALLER ABIERTO

O 29 de Xaneiro tivemos a sorte de ter a visita de Taller Abierto e realizamos unha actividade impresionante sobre Maruja Mallo "Unha Viaxe Espacial" e o resultado artístico foi precioso.



## REVITALIZA.

O xoves 23 de xaneiro o alumnado de ESO, TVA e o P.F. de Xardinería participou na actividade “Quen vive aí?” dentro do Plan Revitaliza.



# CONTIÑO vai ao conto

Nº 38. 13 de marzo de 2020

## O que pasou...

### Erasmus +.

Dende o 9 ata o 19 de febreiro os mestres Lucía e Luis participaron no Programa Erasmus asistindo ao curso de formación “Ferramentas dixitais na Educación Especial” na cidade Braga en Portugal. Alí compartiron e intercambiaron formación e información con outros participantes procedentes de Polonia.



## Sevilla.

Un ano máis o alumnado dos Programas Foramtivos de Repografía, Restauración e Xardinería realizaron unha pequena excursión a cidade de Sevilla. Onde disfrutamos da gastronomía, dos monumentos e lugares máis coñecidos desta fermosa cidade.






# CONTIÑO vai ao conto







Nº 39 . marzo-abril-maio-xuño 2020

O que pasou...  
...durante o confinamento



# NON PARAMOS DE TER CLASES ONLINE.

Gracias ao programa Cisco Webex estivemos conectados cos nosos compañeiros/as de clases e co profesora.



# Feliz día do Medio Ambiente









## DONACIÓN DO CEE PONTEVEDRA A OS PALLEIROS



## NUESTRAS CABAÑAS






Cada trimestre do curso escolar adoitamos celebrar no cole os cumpreanos do alumnado. Este pasado trimestre, foi imposible, polo que dende aquí e co ánimo da nosa Mascota da Biblioteca "Contiño",

# PARABÉNS



**PREME NAS IMÁXENES PARA SEGUIR  
GOZANDO DOS NOSOS VÍDEOS.**

# FESTA VIRTUAL FIN DE CURSO 2019/2020





# VÉMOS NOS NO PRÓXIMO CURSO 2020/2021